

ÉTICA PESSOAL

UD 11. 1º BACH.



Ética persoal

- Texto Russell:
 - Algo é bo cando por si mesmo debe existir?
 - Pode ser algo malo e - o mesmo tempo- necesario?
 - Se algo é bo proporciona pracer e -ao revés- se é malo dor?
 - Poderíase chegar mediante a lóxica a definir que é bo ou malo?
 - Por que a ciencia non pode chegar a elaborar xuízos éticos?



Ética persoal

- **Moral:** Conxunto de costumes e normas polo que debe rexerse o comportamento dunha persoa para que sexa xulgada como “moralmente” boa.
- **Ética:** É a reflexión sobre:
 - Como se ten que considerar unha conduta para que sexa boa
 - Como hai que fundamentar/xustificar os xuízos morais cando se aplican á distinción entre o ben e o mal.



Ética persoal. A ética *Kantiana*.

- Asumindo que o ser **humano é libre para actuar**, nace a moral co obxectivo de que a conduta humana se axuste aos seus mandatos.
- As **normais morais deben ser racionais** e non baseadas en impulsos ou sentimentos xa que estes poden variar en función do individuo e poden ser boas ou non.



Ética persoal. A ética *Kantiana*.


Pero pode haber accións, por exemplo non confesar un delito, racionais e -ao mesmo tempo- ser claramente inmoraís:

Como explica Kant tal contradicción?




Ética persoal. A ética *Kantiana*.

- Kant distingue entre:
 - Razón de cada individuo
 - **Razón pura práctica** (a moralidade):
 - Común a todos os seres humanos
 - Está en nós, non nos é imposta desde fóra (*heteronomía*). Gracias a ela o individuo se da así mesmo a súa propia lei moral (*autonomía*).
 - Independiente da cultura, sentimentos ou intereses do individuo.
 - É *a priori* (independente da experiencia) e, polo tanto, non busca ningún fin (xa que os fins son materiais, dependentes da experiencia e relativos a cada individuo)
- **A lei moral é racional produto da razón práctica.**



Ética persoal. A ética deontolóxica.

- Kant afirma que os seres humanos **obran seguindo máximas** que son os ***principios subxectivos*** (do suxeito) polos que nos guiamos nos momentos concretos, **estas máximas poden estar de acordo coa lei moral ou non.**
- Isto se debe a que o ser humano non é un ser exclusivamente racional.
- Posuímos tamén **unha parte irracional** que son os desexos, impulsos e tendencias da nosa natureza e que poden ***inclinarse*** a nosa acción cara a realización de **tendencias egoístas.**



Ética persoal. A ética *Kantiana*.



Ética persoal. A ética *Kantiana*..

- Exemplo:

- Situación: Tres nenos distintos rouban cartos as súas nais da carteira e guían a súa conduta segundo as máximas que consideran axeitadas a situación.

- Neno 1:

- Conduta: Confesa roubar unha parte dos cartos (non todos, porque ten medo ao castigo).

- **Máxima:** Saír -dentro do malo- o mellor parado posible.



Beneficio / egoísmo: Non dacordo coa lei moral

- Neno 2:

- Conduta: Nega roubar.

- **Máxima:** Busca saír indemne.



Beneficio / egoísmo: Non dacordo coa lei moral

- Neno 3:

- Conduta: Confesa o roubo.

- **Máxima:** Sabe que roubar está mal e **o correcto** é confesar. Asume o erro da súa acción e as consecuencias derivadas.



Ética persoal. A ética *Kantiana*.

A partir de aquí Kant plantéase a gran cuestión:

Como debe ser unha lei moral para que obrigue ao ser humano a facer o correcto?



Ética persoal. A ética *Kantiana*.

- **Non debe perseguir ningún fin nin meta** (como as chamadas éticas teleolóxicas).
- **Debe excluír as nosas *inclinacións*** para facer o que a **nosa razón determina como correcto**. Isto, segundo Kant é o que fará respectable.
- **Non debe dicirte qué facer** (como as éticas materiais =“Fai isto (norma) se queres conseguir isto (fin)), senón como queres facelo (éticas formais).

Para Kant todas as éticas materiais son teleolóxicas e viceversa



Ética persoal. A ética *Kantiana*.

Por que as éticas materiais (con normas e fins) non son válidas para Kant?



Ética persoal. A ética *Kantiana*.

- Porque para Kant:
 - a) Unha lei moral debe ser **universal e necesaria** (non contingente = que pode ser doutra maneira)
 - b) **Non todos os individuos teñen as mesmas metas / fins** (algúns queren riquezas, outros a salvación, outros fama, etc.) polo tanto as **éticas materiais nunca serán universais.**



Ética persoal. A ética *Kantiana*.

Xa temos a lei, como obrigamos ao ser humano a cumplila?



Ética persoal. A ética *Kantiana*.

- **Immanuel Kant** comprobou que cando dicimos por exemplo expresións como “non mates”, “non roubes”, “se solidario”... o que realmente estamos a querer dicir é “non debes matar”, “debes ser solidario” etc. desta análise saca a **conclusión** de que **todas as normas morais teñen en común o deber.**
- As **éticas baseadas no deber** reciben o nome de ***Deontolóxicas***



Ética persoal. A ética *Kantiana*.


- A partir de aquí distingue tres tipos de accións:
 - Accións **contrarias ao deber** (claramente inmorais): mentir, roubar, matar . Son accións claramente contrarias á moral. ❌
 - Accións **conforme ao deber** (p. ex. realizar algo bo para conseguir un fin) tampouco serán as moralmente boas. ❌
 - Accións realizadas **por deber** que son as **únicas que se poden considerar moralmente boas xa que son realizadas por puro respecto ás normas e non para conseguir un fin.** ✅

“Omito aquí todas aquelas accións ás que xa se recoñecen como **contrarias ao deber** aínda cando poidan ser proveitosas para un ou outro propósito [...] Tamén deixo a un lado aquelas accións que son efectivamente **conformes ao deber** e cara as que os homes non posúen ningunha **inclinación** inmediata, pero as executan porque algunha outra **inclinación** os move alo. Pois nestes casos resulta fácil distinguir se a acción **conforme ao deber** tivo lugar **por deber** ou por un propósito egoísta.”

Fundamentación para unha metafísica das costumes, 1. Tránsito do coñecemento moral común, Immanuel Kant



Ética persoal. A ética *Kantiana*.



Ética pessoal. A ética *Kantiana*.

*Contraria ao dever?,
conforme ao dever?
ou por dever?*



Ética pessoal. A ética *Kantiana*.

**Pero como obrigamos ao ser humano
a actuar *por deber*?**



Ética persoal. A ética *Kantiana*.

- A través do *imperativo categórico*.
- Un imperativo é unha fórmula que serve para expresar un mandato.



“A **representación dun principio obxectivo**, en tanto que se resulta apremiante para unha vontade, chámase un **mandato** (da razón) e a **fórmula** do mesmo chámase **imperativo**. [...] Todos os **imperativos** mandan **hipotética ou categóricamente**. Os primeiros representan a **necesidade dunha acción posible como medio para conseguir algunha outra cousa que se quere** (ou é posible que se queira). O imperativo categórico sería o que representaría unha **acción como obxectivamente necesaria por sí mesma, sen referencia a ningún outro fin**.”.

Fundamentación para unha metafísica das costumes, 2. Tránsito da filosofía moral popular á unha metafísica das costumes, Immanuel Kant

Ética persoal. A ética *Kantiana*.

- Hai **dous tipos** de imperativos:
 - **Imperativos *Hipotéticos***: propios das *éticas materiais* xa que son mandatos que se realizan **para conseguir algún fin** (“fai X para conseguir Y”) polo que non poden ser universais xa que o fin provén da experiencia.
 - **Imperativos *categoricos*** : aqueles que **mandan unha acción como boa en si mesma sen necesidade de referila a ningún fin**. Son os característicos da ética formal e son os únicos imperativos da moralidade para Kant.



Ética persoal. A ética *Kantiana*.

- O imperativo categórico, como **non ten contido** (fins, obxectivos a perseguir) son os **únicos que poden se universais**.
- Kant afirma que para que a nosa conduta sexa moral deberemos corresponder as **máximas polas que guiamos as nosas accións co imperativo categórico**.

Ética persoal. A ética *Kantiana*.

- Algúns **exemplos de Imperativos categóricos**:
 - “*Obra de tal xeito que queira que a túa máxima se converta en lei universal*”.
 - “*Obra de tal xeito que uses á humanidade, tanto na túa persoa como na persoa de calquera outro, sempre coma un fin e nunca como un medio*”.

¿QUE ES EL IMPERATIVO CATEGÓRICO?

Según: Immanuel Kant

Es un mandato moral absoluto,
independiente de deseos personales
o consecuencias.



Actúa solo según
máximas que puedas
desear como leyes
universales para todos.

Trata a la humanidad
siempre como fin en
sí misma, nunca
como medio.

Immanuel Kant. Legalidade vs Moralidade

**Pero, e se o ser humano actúa conforme á lei moral condicionado (por medo, coacción, etc.)?
Serían as suás accións morais?**




Ética persoal. Ética Kantiana. Legalidade vs Moralidade

- Kant, nestes casos, distingue entre:
 - **Moralidade:** Cando a vontade do individuo actúa dacordo coa lei moral, por respecto á lei moral (porque cres que é o correcto) sen intervención de axentes externos.
 - **Legalidade:** É actuar conforme á lei moral debido a axentes externos (por exemplo axudar nun accidente de tráfico para evitar un posible delito de omisión de auxilio en lugar de facelo porque pensas que é o correcto).



Ética pessoal. Outras éticas.

- **Ética de valores** 
- Ética eudemonista
- Intelectualismo ético
- Ética utilitarista
- Ética teleológica
- Ética deontológica
- Éticas materiais y formais
- Estoicismo
- Epicureísmo

Ética persoal. Outras éticas. Ética de Valores

- Para pensadores como **Max Scheler** os **valores existen** e teñen as seguintes características:
 - **Obxectivos** (non construídos socialmente e son independentes da experiencia humana).
 - **Intuíbles emocionalmente** (non se precisa de razónamentos, nin coñecementos previos).
 - **Xerarquizables obxectivamente** (hai valores máis importantes ca outros).
 - **Polares** (todo valor tería o seu *contravalor*)
 - **Eternos** (os valores non cambian, pero sí o xeito na que a sociedade os percibe)



Ética pessoal. Outras éticas. Ética de Valores

Valor: Beleza



Venus de Willendorf



Ishtar (mesopotamia)



Venus de Milo (época clássica)



S.XXI

Ética persoal. Outras éticas. Ética de Valores

Xerarquía de valores

No punto máis baixo estarían os valores que definen o agradable e desagradable (confort, pracer, riqueza).

No seguinte chanzo estarían os valores vitais (saúde, lonxevidade, etc).


No seguinte chanzo estarían os valores espirituais (Beleza, xustiza, verdade, bondade).

Na cúspide estarían os valores relixiosos (santidade).

La propuesta de Scheler




Ética pessoal. Outras éticas.

- Ética de valores
- **Ética eudemonista** 
- Intelectualismo ético
- Ética utilitarista
- Ética teleológica
- Ética deontológica
- Éticas materiais y formais
- Estoicismo
- Epicureísmo


Ética pessoal. Outras éticas. Ética eudemonista.

- Son aquelas que defenden que a **felicidade é o ben supremo e a meta de toda a moral.**
- O seu principal autor é Aristóteles.




ARISTÓTELES

Ética pessoal. Outras éticas.

- Ética de valores
- Ética eudemonista
- **Intelectualismo ético** 
- Ética utilitarista
- Ética teleológica
- Éticas materiais y formais
- Estoicismo
- Epicureísmo


Ética persoal. Outras éticas. Intelectualismo ético.

- Son aquelas que defenden que **aquela persoa que coñece o ben o practica.**
- **O mal é causa da ignorancia.**
- Os seus principais representantes son **Sócrates e Aristóteles** (aínda que este último afirmará que non só é preciso coñecer o ben, senón que tamén hai que querer facelo).



SÓCRATES

Ética pessoal. Outras éticas.

- Ética de valores
- Ética eudemonista
- Intelectualismo ético
- **Ética utilitarista** 
- Ética teleológica
- Ética deontológica
- Éticas materiais y formais
- Estoicismo
- Epicureísmo

Ética persoal. Outras éticas. O utilitarismo


O *utilitarismo* é unha corrente filosófica que **identifica o moralmente bo co «útil» = o benestar / felicidade do maior número de persoas.**

A **felicidade** se entende como a **obtención de pracer** (divididos en *superiores* -intelectuais, estéticos e relixiosos- e *inferiores* -os sensoriales) e a **ausencia de dor**.

Canto máis benestar / felicidade provoca unha acción → máis útil = máis moralmente correcta e viceversa.

É, polo tanto, unha ética **consecuencialista** (o valor moral dunha acción reside nas súas consecuencias, non na súa intención).

As súas figuras máis importantes son **John Stuart Mill e Jeremy Bentham**




John Stuart Mill



Jeremy Bentham

O utilitarismo



**MORALMENTE
CORRECTA?**



Ética pessoal. Outras éticas.

- Ética de valores
- Ética eudemonista
- Intelectualismo ético
- Ética utilitarista
- **Ética teleológica** ←
- Ética deontológica
- Éticas materiais y formais
- Estoicismo
- Epicureísmo

Ética persoal. Outras éticas. Éticas teleolóxicas.

- Son aquelas cuxas **accións se orientan a un fin** (*telos* en grego).
- As éticas *eudemonistas* son teleolóxicas xa que buscan un fin último: a felicidade.
- Moitas éticas relixiosas tamén o son xa que perseguen un fin: O ceo, o paraíso, a iluminación, etc.



Ética pessoal. Outras éticas.

- Ética de valores
- Ética eudemonista
- Intelectualismo ético
- Ética utilitarista
- Ética teleológica
- **Ética deontológica** ←
- Éticas materiais y formais
- Estoicismo
- Epicureísmo

Ética persoal. Outras éticas. Éticas deontolóxicas.

- As éticas deontolóxicas son aquelas que están **baseadas no *deber***.
- Ese deber se expresa a través de normas ou imperativos que «obrigan» ao ser humano.
- A ética *kantiana* ou o *xudaísmo* son éticas deontolóxicas teñen unha base no deber (a diferencia está no tipo de imperativos).




Moisés coas táboas da lei

Ética persoal. Outras éticas.

- Ética de valores
- Ética eudemonista
- Intelectualismo ético
- Ética utilitarista
- Ética teleolóxica
- Ética deontolóxica
- **Éticas materiais y formais** ←
- Estoicismo
- Epicureísmo

Ética persoal. Outras éticas. Éticas materiais e formais.

- As **éticas materiais** son aquelas que:
 - **Teñen materia** (contido, normas concretas, fins, bens supremos, etc.)
 - As súas **normas / imperativos** son **hipotéticos**: “Fai A se queres conseguir B”. → E que pasa se non quero B?, xa podo ser inmoral?
 - Son **heterónomas** (as normas lle veñen impostas de fóra ao individuo)



Ética persoal. Outras éticas. Éticas materiais e formais.

- As **éticas formais** son aquelas que:
 - **Non posúen materia** (non posúen normas fixas, bens supremos, etc.)
 - Non se centran nun fin, senón na **forma da acción** → (como debo actuar para que desexe que a miña acción/conducta sexa imitada universalmente).
 - O **deber é máximo** xa que non depende de condicións ou fins. Por iso as éticas formais empregan o **imperativo categórico**, universal e aplicable para todo o mundo -independentemente dos seus intereses / inclinacións).
 - Son **autónomas** (o individuo se da a sí mesmo as normas).




Immanuel Kant

Ética pessoal. Outras éticas.


- Ética de valores
- Ética eudemonista
- Intelectualismo ético
- Ética utilitarista
- Ética teleológica
- Ética deontológica
- Éticas materiais y formais
- **Estoicismo** ←
- Epicureísmo

Ética persoal. Outras éticas. Estoicismo

- **Fundado** por **Zenón de Citio** (334 - 262 a.C.)
- Seus **principios fundamentais** son:
 - A razón é o que nos fai humanos
 - A razón humana forma parte dunha dunha orde racional do cosmos. Debemos aceptar o mundo tal e como é.
 - A virtude (coraxe, templanza, xustiza e fortaleza -as 4 virtudes cardinais-) é o único ben do ser humano, e o noso único fin (*telos*).
 - A virtude non é un medio para ser feliz, senón a felicidade mesma.
 - Vivir ben (*felicidade*, eudaimonía) é vivir dacordo coa natureza (é dicir, dacordo coa razón e a virtude nun entorno social, os estoicos tamén consideran ao ser humano como un *ser social*).




Zenón de Citio



Lucio Séneca


Ética persoal. Outras éticas. Estoicismo

- Outros preceptos son:
 - **Sabedoría** é ocuparse só do que podemos controlar.
 - **Memento Mori** (“Lembra que morrerás”): Serve para recordar a brevedade e finitude da vida de tal xeito que aproveites a túa vida en lugar de vivir angustiada e preocupada por cousas sen importancia.
 - **Amor Fati** (“Ama o teu destino”): Incluso as partes máis duras e difíciles son parte do teu camiño. En lugar de preguntarte por que me ten que pasar isto a min?, pensa que incluso as partes máis duras poden ter un lado bo a longo prazo.
 - **Premeditatio Malorum** (“Prevee os males”): Debes prevee as cousas malas que poden suceder pero non para angustiarte, senón para estar listo para cando ocorran.
- Aparte de Zenón, outros estoicos famosos fueron **Epicteto**, **Séneca** e o emperador **Marco Aurelio**.



Epicteto

Ética pessoal. Outras éticas.

- Ética de valores
- Ética eudemonista
- Intelectualismo ético
- Ética utilitarista
- Ética teleológica
- Ética deontológica
- Éticas materiais y formais
- Estoicismo
- Epicureísmo 

Relacións posteriores. Epicureísmo.

- Foi fundado por **Epicuro de Samos** (341 - 270 a.C).
- Para Epicuro o **maior ben é o pracer** (pero non o sensual e desenfrenado, senón o **estático ou en repouso**). De aí que se coñeza como o *hedonismo racional*.
- Seu **obxectivo** era acadar a **felicidade** (*eudaimonía*) = **pracer catástemático** (intelectuais, provocan equilibrio)
- A diferenza de Aristóteles, **os epicúreos rexeitaban a participación na vida pública** xa que a consideraban unha fonte de preocupacións e ansiedades

«En una disputa
filosófica, el que es
derrotado gana
más, porque es el
que más aprende».

- Epicuro de Samos -



Entrada ao Xardín de Epicuro

Relacións posteriores. Epicureísmo.

Distinción entre os praceres e deseños

Catástemáticos	Cinéticos
<p>Son praceres estables, xorden do equilibrio:</p> <ul style="list-style-type: none">• Non ter dor (<i>aponía</i>, o corpo está en equilibrio)• Estar tranquilo (<i>ataraxia</i>, a mente está en equilibrio)	<ul style="list-style-type: none">• Son praceres “en movemento”, que aparecen cando satisfacemos unha necesidade:<ul style="list-style-type: none">• Comer cando tes fame• Beber cando tes sede• Eliminan desequilibrios (fame, sede, etc.) → Base dos catástemáticos• Son temporais.

Deseños	Naturais e necesarios → básicos (comida, abrigo, amizade). Son os <u>únicos imprescindibles para acadar a felicidade</u> .
	Naturais non necesarios → luxos moderados
	Non naturais nin necesarios → fama, poder, riqueza excesiva

Relacións posteriores. Epicureísmo.

Tetrapharmakon
(4 remedios)

- *Non temas aos deuses* (estes non se preocupan por ti)
- *Non temas á morte*
- *O pracer* (necesario para **una vida feliz**) *é fácil de acadar* (amistade, comida, etc.)
- *A dor é fácil de soportar*

Ataraxia: Estado de paz mental e imperturbabilidade

+

Aponía: Ausencia de dor física

+

Amistade

FELICIDADE